

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

ANUNCIO do 5 de novembro de 2024, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, polo que se dá publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca a provisión, polo procedemento de libre designación, de diversos postos de supervisor/a de área funcional.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como no artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde; polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, e de acordo co establecido na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, modificada pola Orde do 25 de maio de 2020 (DOG nº 103, do 29 de maio) e pola Orden do 13 de maio de 2022 (DOG nº 102, do 30 de maio), a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee

RESOLVE:

Primeiro. Proceder ao anuncio da convocatoria para a provisión, mediante o procedemento de libre designación, de diversos postos de supervisor/a de área funcional.

Segundo. As solicitudes para participar na presente convocatoria, xunto coa documentación a que se refiren as súas bases, deberán dirixirse á Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee e poderán presentarse no Rexistro do Hospital Universitario A Coruña (edificio Hotel de Pacientes, As Xubias de Arriba, 84, 15006 A Coruña), así como a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



Terceiro. As bases íntegras da convocatoria estarán expostas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) e na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

A Coruña, 5 de novembro de 2024

Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

